



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

Mesa Carreira Administrativa: CONCURSOS

Na reunión da Mesa Técnica de hoxe tratouse un tema de vital importancia para moitos funcionarios da AEAT como é o dos concurso de mobilidade. Pensabamos xa que a AEAT tomara boa nota das reunións precedentes pero non foi así, pois de novo, ignoran o Acordo de Carreira Administrativa ao non garantir que o sistema a utilizar produza o efecto que se pretende, e por riba, sen garantías das retribucións que por carreira, corresponden a cada adxudicatario destes concursos.

O que pretende a AEAT é que os seus funcionarios sacrifiquen a súa carreira administrativa a cambio de retornar ao seu sitio de orixe e iso non debería suceder. Por riba, xa estamos fartos de ver cómo os A1 teñen mobilidade absoluta con todas as garantías e sen penalización económica de ningún tipo. Sabemos que moitos funcionarios estarían dispostos a renunciar á súa carreira administrativa para voltar a súa casa, pero non é xusto que, cando hai funcionarios que levan case toda a súa vida fóra teñan que vir cos complementos que lles correspondería a un funcionario do tramo de entrada. Con todo, cremos que, con ou sen a parte social, a AEAT sacará adiante o seu sistema de mobilidade, e veremos que sae de aí.

Como aspecto positivo a salientar, sí está prevista a oferta de prazas vacantes aos funcionarios da AEAT antes da incorporación das novas promocións de turno libre. Segundo informou o Subdirector de Xestión Administrativa de Persoal, o primeiro concurso a convocar con esta nova modalidade sería o do CTH, do que se prevén que saian uns 170 postos. Logo estaría previsto o resto de concursos para os Axentes de Facenda Pública, Vixilancia Aduaneira., que aínda están en fase de preparación. Desde a CIG pedimos tamén que non esqueceran ao resto dos colectivos da AEAT e que sacaran os concursos pertinentes para todos os colectivos.

Concurso consolidación

Respecto ao proceso que está a seguir a AEAT consolidando aos que están en comisión de servizos, (e do que xa manifestamos a nosa disconformidade en notas informativas anteriores), informouse da inminente convocatoria do ¿concurso? de consolidación para os funcionarios do SVA que se atopan nesta situación. Temos a vosa disposición o borrador das bases deste inminente concurso e o número de prazas que salirán (en total unhas 35).

Aproveitando o nosa quenda de intervención na reunión de onte, solicitamos tamén información sobre os seguintes temas:

Incorporación dos funcionarios de promoción interna

Unha vez máis, pedimos información sobre os prazos que manexa a AEAT para o nomeamento dos distintos colectivos que están pendentes de tomar posesión. Como


CIG AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.

Télf.: 981 61 68 89/687 82 15 44

Fax: 981 12 72 22



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

expuxemos na nosa intervención, tememos que se faga a estes compañeiros a "xogada" de nomealos despois da finalización do período transitorio que marca o Acordo de Carreira Administrativa (lembrade que éste remata, para os C2, o 1/1/2010, para os C1, O 1/03/2010 e o 1/9/2010 para os A2). O "retrazo" deliberado no seu nomeamento fóra destas datas podería dar lugar que a AEAT aprazara as súas reclasificacións ou éstas quedaran no "limbo". A CIG foi, en solitario, a que expuso esta posibilidade con toda a parte social de testemuña. Esperemos que isto non suceda e se aceleren os nomeamentos o máis posible.

Vixilancia Aduaneira

Tamén, a iniciativa única da CIG pedimos información á AEAT sobre as previsións para fixar unhas datas para a Mesa de Acordo Horario do V.A., Mesa Técnica e a creación da Mesa de segunda actividade. A tal efecto, e como vemos que non hai interese en convocar a mesa, emprazamos a Admon a que fixe unha data canto antes ou teremos que tomar outro tipo de decisións máis drásticas, polo que na reunión de onte, pedimos o apoio da resto da parte social. Xa vos informaremos debidamente as novas que haxa sobre o tema.

Persoal informática-Clave HV

Tamén prantexamos o tema que está a contecer cos Técnicos Auxiliares de Informática aos que a AEAT, unilateralmente, modificou a denominación dos seus postos de traballo, suprimíndolles a clave HV, o que levou a que se lles baixaran os complementos específicos por arte de *birlibirloque*. Este tema fora tratado na reunión de Carreira Administrativa do 21 de maio pero a día de hoxe aínda non está resolto polo que esiximos unha solución inmediata. A Subdirectora Adxunta, presente na reunión, é consciente da tropelía cometida polo que esperamos que se tomen as medidas oportunas canto antes.

NOTA:

Temos a vosa disposición o borradores das Bases concursos que sairán próximamente: SVA (consolidación), e o do CTH.

SEGUIREMOS INFORMANDO

30/09/09

CIG AEAT:
DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA
Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.
Télf.: 981 61 68 89/687 82 15 44
Fax: 981 12 72 22
cigaeat@gmail.com
WWW.CIGAEAT.COM